Este documento é © 2021 Xurxo Diz Pico. Con agarimo para as Irmandades do Dado. CC-BY-SA.

Princesas Disney
no espazo exterior!

Princesas Disney no espazo exterior! é unha ambientación que leva as Princesas Disney a unha loita contra o patriarcado a través da Galaxia. Foi inicialmente pensada para ser xogada con *Thirsty Sword Lesbians* pero pódese adaptar a calquera sistema que conxugue acción e drama.

Historia da Galaxia

A Galaxia consiste nunha pléiade de pequenos planetas correspondentes á ambientación dos filmes da Disney. Tes un planeta case completamente submariño de onde vén Ariel, outro boscoso de onde vén Pocahontas, etc.

Hai unha década ou así, un pequeno subgrupo de homes, incapaces de viviren en planetas gobernados por mulleres, comezaron a organizarse nunha estrutura seitaria-militar. Liderados por Frollo, quen axiña se nomeou Emperador-Pontífice, este Sacro Imperio acumulou tropas e naves e comezou unha invasión. As mulleres nos planetas subxugados son raptadas e enviadas a centros de reeducación onde aprenden a calar, dicir que si, e ter a cea lista cando o marido volta de traballar.

Os planetas libres coordináronse na Federación de Princesados Unidos e comezaron unha reofensiva para liberar os planetas do xugo sexista de Frollo e os seus seguidores. Cando penses nos combates, imaxina *Piratas do Caribe* pero no espazo ou, se es unha das cinco persoas que viu o filme, pensa n'*O Planeta do Tesouro*.

A armada da Federación de Princesados Unidos é a Flota de Princesas Unidas. En xeral probablemente te centres na súa nave insignia, cuxa tripulación principal sexan as túas xogadoras.

A partida

Pensa nalgún acto malvado que poida ter levado a cabo Frollo e que dispare a acción inicial, levando ás túas personaxes a lanzarse á misión: un ataque nun planeta, un rapto de mulleres para seren reeducadas, unha tregua sospeitosa...

É fácil caer no maniqueísmo de que os malos son supermalos, e se é iso o que persegues non hai problema, pero a partida terá máis interese (especialmente se xogas con *Thirsty Sword Lesbians*) se algunhas das personaxes que están aparentemente no bando «malo» teñen certas cualidades redentoras, non están perdidas de todo, ou mesmo exhiben certo atractivo seductor. Isto crea oportunidades de romance, drama e tensión emocional.

E sempre que teñas ocasión de introducir unha referencia ou vencello coas historias de Disney, faino! Ás túas xogadoras halles prestar. Para iso estades aquí, non?

Personaxes xogadoras

Velaquí un listado de Princesas Disney (e outras protagonistas Disney que talvez non sexan princesas per se, pero que ben poden contar), xunta unha suxestión da súa cartilla correspondente se quixeres xogalas en *Thirsty Sword Lesbians*.

- **Anna**, de *Frozen* (Truá / *Scoundrel*)
- **Ariel**, d'*A sereíña* (Truá / *Scoundrel*)
- **Aurora**, d'*A bela dormente* (Elixida / *Chosen*)
- **Bela**, d'*A bela e a besta* (Besta / *Beast*)
- **Brancaneves**, de *Brancaneves e os sete ananos* (Meiga / *Nature Witch*)
- **Campaíña**, de *Peter Pan* (Arteira / *Trickster*)
- **Cincenta**, de *Cincenta* (Arelante / *Seeker*)
- **Elsa**, de *Frozen* (Devota / *Devoted*)
- **Esmeralda**, d'*O xorobado de Nôtre Dame* (Truá / *Scoundrel*)
- **Jasmine**, d'*Aladdin* (Elixida / *Chosen*)
- **Kida**, d'*Atlantis* (Bruxa / *Spooky Witch*)
- **Megara**, de *Hércules* (Infame / *Infamous*)
- **Mérida**, de *Brave* (Besta / *Beast*)
- **Moana**, de *Moana* (Arelante / *Seeker*)
- **Mulán**, de *Mulán* (Devota / *Devoted*)
- **Pocahontas**, de *Pocahontas* (Meiga / *Nature Witch*)
- **Rapunzel**, d'*Entrelazados* (Arelante / *Seeker*)
- **Tiana**, d'*A princesa e o sapo* (Bruxa / *Spooky Witch*)

Personaxes non xogadoras e lugares

Estas son algunhas personaxes ou lugares que che poden servir de inspiración para a túa partida. Son apenas un rascuño do rol que poden encher, non o tomes con rixidez nin con exhaustividade: modifica, inventa e adapta a vontade!

Frollo (d'*O xorobado de Nôtre Dame*): Emperador-Pontífice. O malo malísimo. Goberna o Sacro Imperio. Autoproclamado libertador dos homes do xugo do feminismo.

Gaston (d'*A bela e a besta*): forzudo parvo. Gardacostas de Frollo ou líder dalgún escuadrón.

Jafar (d'*Aladdin*): mago e ilusionista. Un saído, un cacheiro cheo de frustración sexual.

Kuzco (d'*O emperador e as súas loucuras*): egocéntrico vividor. Pode que viva en Kuzcotopia, unha especie de mansión Playboy chea de rapazas con pouca roupa e moitas estatuas súas.

Scar (d'*O rei león*): incel friki soberbio que explica todo para presumir de intelecto.

Notre Sieur (inventado): o buque principal do Sacro Imperio. Enorme. Poderoso.

Sacra Sé (inventado): o planeta capital do Sacro Imperio. Fortaleza inexpugnable onde as tropas son fortes. Internarse podería ser unha temeridade... ou unha xogada mestra inesperada.

Gothel (d'*Entrelazados*): madre superiora. Adoctrina ás rapazas raptadas na relixión da obediencia. Pensa no Gilead d'*O conto da criada*.

Úrsula (d'*A sereíña*): madame ou figura semellante que ofrece pautos pola túa alma. Seguridade a cambio de liberdade, cartos a cambio do teu corpo. Cousas así.

Yzma (d'*O emperador e as súas loucuras*): Enxeñeira e química, pode ser fonte de trebellos ou invencións. Talvez traballe para Frollo. Talvez non o faga voluntariamente.

Maléfica (d'*A bela dormente*): bruxa poderosa que vive illada. Por que? Que fixo? E máis importantemente: que pode facer polas xogadoras? E que pedirá a cambio?

Amelia (d'*O planeta do tesouro*): Almirante ou capitana da Flota de Princesas Unidas. Unha aliada coa que contar para obter reforzos, información ou apoio.

Eilonwy (de *Taran e o caldeiro máxico*): A princesa esquecida. Ninguén se vai lembrar dela nin vai pedir xogar con ela. Tanto é así, que vive oculta baixo a identidade dun tal príncipe Taran, o único home aliado das Princesas que se nega a unirse ao Sacro Imperio.

Támbor (de *Bambi*): un planeta principalmente vexetal. Pode que sexa unha fonte de materias primas, ou que sexa o único lugar onde crece o *Recendo de Mofeta*, unha herba con propiedades únicas.

Colette (de *Ratatouille*): unha muller non asociada a ningunha princesa, que podes usar como personaxe non xogadora no papel que mellor che veña. Quizais sexa cociñeira nalgunha parte.

Alicia (d'*Alicia no País das Marabillas*): adolecente que comeza a ser rebelde e contestataria. Pode que non entenda por que se está a loitar ou que antepoña os seus intereses.

Vanellope (de *Rompe Ralph*), **Lilo** (de *Lilo & Stitch*), **Boo** (de *Monstros S.A.*): cativiñas de máis para faceren moito excepto atraer os problemas. Vulnerábeis. Carne de rapto.